



Nas terras de Zas existen uns seres máxicos, que poden ser mouros e mouras, druidas ou elfos, pero tan reais que traballaron arreo, coas mans núas en moitos casos, para que poidas gozar desta ruta.



PERFIL



PR-G 250 Ruta da Auga de Zas Concello de Zas Ruta homologada no ano 2020



MIDE		Ruta da Auga de Zas	
	Horario	3 h	1 Severidade do medio natural
	Desnivel de subida	382 m	1 Orientación no itinerario
	Desnivel de baixada	382 m	2 Dificultade no emprazamento
	Distancia horizontal	10 km	3 Cantidade de esforzo necesario
	Tipo de percorrido	Circular	
Condições para todo o ano, tempos estimados segundo criterio MIDE, sen paradas.			

MIDE (Método de Información De Excursiones)

MIDE é un sistema de comunicación entre excursionistas para valorar e expresar as existencia técnicas e físicas dos recorridos. O seu obxectivo é unificar as apreciacións sobre a dificultade das excursións para permitir a cada participante unha mellor elección.

	MEDIO Severidade do medio natural	1 O medio natural non está exento de riscos 2 Hai máis dun factor de risco 3 Hai varios factores de risco 4 Hai bastantes factores de risco 5 Hai moitos factores de risco
	ITINERARIO Dificultade de orientarse no itinerario	1 Camiños e encrucilladas ben definidos 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fóra de traza 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear
	DESAPRAZAMENTO Dificultade no desprazamento	1 Marcha por superficie lisa 2 Marcha por camiños de ferradura 3 Marcha por sendas graduadas ou terreos irregulares 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio 5 Require pasos de escalada para a progresión
	ESFORZO Cantidade de esforzo necesario	1 Ata 1 h de marcha efectiva 2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva 3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva 4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva 5 Máis de 10 h de marcha efectiva

O MIDE está recomendado pola Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME), Federación Aragonesa de Montañismo (FAM), Protección Civil do Goberno de Aragón e outras entidades. Máis información: www.montanasegura.com

Actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia



XUNTA DE GALICIA



Ruta sinalizada



CONCELLO DE ZAS
Praza do Campo, nº 1
15.850 - Zas - A Coruña
www.concellodezas.org
Tel. 981 751 398




CONCELLO DE ZAS

PR-G
250

GALICIA

ruta da auga de zas





O fío conductor desta ruta é o da pegada da auga na parroquia de Gándara, xa que pasa por lugares por onde transcorre este ben. Da importancia da mesma e dos seus desniveis, dános unha idea o feito que cara ao ano 1753 no Catastro do Marqués da Ensenada, xa figura unha relación de dezasete muíños.

No traxecto desta ruta pásase por zonas nas que a auga foi a principal forza motriz para a posta en funcionamento dos muíños e batáns.

A ruta discorre por un medio rural caracterizado pola riqueza xeolóxica e natural dos seus montes, nos que se poden observar a flora e a fauna da zona.

A RUTA

Fervenzas, flora, fauna, muíños, batáns, pontellas, cabazos, abellarizas, mámoas, castros... son elementos que conforman a paisaxe desta ruta que discorre, nalgúns casos, por antigos camiños recuperados e, noutros, por sendas de ribeira.



FERVENZA DE BUDIÁN:

O río da Fervenza, de Budián ou do Muíño Vello, ten que salvar, neste punto, un desnivel, duns 40 metros nun treito de medio quilómetro, polo que son frecuentes os saltos de auga.

Conta a veciñanza que no pozo da fervenza hai unha grade de ouro enterrada pero, coidado, porque tamén din que o pozo non ten fondo.



Fervenza de Budián



O río da Fervenza

FERVENZA DE PARGA:

Conta a lenda que nesta fervenza afogouse unha rapaza pola tristura de non poder estar co seu amado e que o mozo foise e nunca máis volveu. Por iso, nas noites de lúa chea, cando o caudal é atronador, aínda se escoita á moza chamar polo seu namorado.



Muíño veciñal de Parga



Fervenza de Parga

FERVENZA DO RABIÑOSO:

Rodeada por un espeso bosque de ribeira, na súa contorna vese unha vella pontella de laxes. Un antigo vao por onde pasaban as persoas, namentres que os carros ían polo río. Tamén atopamos un muíño singular, pois ten o farneiro escavado na rocha.



Muíño do Rabiñoso



Fervenza do Rabiñoso